

# O CABALIÑO BRANCO

(Conto adicado ôs meus nenos)

Cada ves foise seatindo máis pretiño o tintinexo das campaiñas, e unha cantiga rachou o silencio da tarde que esmorecía:

«Pol-os vieiros do mundo  
vivo antr'espíñas e frores;  
¡ay!, esto non é vivire,  
cando se morre de amores.»

Manseliñamente, avanzou en ringleira que se esvaía, na brétema, a caravana de carros con anchas lámias nos que, mesturados con roupa, táboas e ferros, os comediantes noqueaban un sono.

Na encrucillada da longueira, meta de todol-os sin fogar e anxeio de camiñantes cansos, detéronse.

¡Probes artistas!

Nin tempo tiveron a pousal-os fros, pois a verba do legoeiro deixóuse sentir amenazante e, non obedecel-a orde do dilixente garda da estrada, sería tanto como empiscarlle os cans à lúa.

—¿Por qué non van a Bergondiño? Mañán dan comenzo as festas.

—¿I-está moi lonxe? —preguntou un velliño de longas barbas que debía sel-o xefe.

—Non teñen máis que atravesal-o rucero que se olla dende eiquí, e poden armal-os trebellos rente do souto.

De novo botaron a camiñar, e ô chegar ô convento, n'un cachinete cerrado de filseira e lundío, os homes escomezaron o traballo de poñer en pé o circo, namentras que as mulleres correxaron auga e garabullos pra faguel-a cea.

Un mozo lanzal, de ollos verdes e cabelos crechos, ceibou os facos que, cheos de laceira i-estiza, perdéronse nos montes depenando gromos de toxo novo.

Unha hora máis tarde, somentes daba sinais de vida un fio de fume que car'ô ceo rubía como alma de anxo.

\* \* \*

No curuto do monte asomóuse o sol, as gaitas romperon a tocar a alborada, e pol-o espazo, con tristéiros rechouchífos, unha nuben de paxariños fuxeu ante o estroncio das bombas que estouraban a cotío.

Por debaixo do lenzo feito goldra, que servira de refuxio durante a noite ôs titiriteiros, saíron armando liorna un fato de rilotes que con estornelas na man, pelotas de trapo e pionsas, despertaron a veciñanza, no intré que unha velliña atravesaba o curral pra poñerlle o tarabelo ô galiñeiro.

Non quedou valo sin galistrar os morotes, nin horta onde os rapaces non entraran. Somentes unha rapariga lizgaira, de pé xunt'à fontaiña, quedouse peiteando nos cabelos pretos como acibeche, onde se crebaban os raios do sol.

Sentado n'un cómaro outo, coma un mustafá, e co'a vista cravada na nena, un olláparo asexaba, como querendo arringar cós ollos a chombra entraberta pol-a que os turxentes seos querían saír para obladarse ô sol.

Erguéuse pra voltar axiña na compañía de don Matías, péreto e marulán das Mariñas. Perguntou quen mandaba ali, e o mesmo vello que falara cô legoeiro saléu a parolar. As mulleres que o seguían ol'ábano d'esguello e faguían a figa.

—¿Quén lles deu licencia pra dispoñer do que é meu?, falou don Matías.

—Non se alporice, señor, que nosoutros somos xente honrada.

—¿E que gaño coa honradez de vostedes? ¿Quén me paga o alongamento?

—Se vostede quere cobrar, díganos canto temos que darlle.

—Cinco pesos cada día, sin contar os destragos que fagan.

—E moito pra nós; se quere, podemos darlle dous pol-o alongamento, pois pol-os danos coído que nada teremos que pagar, porque non faremos ningún.

Tira e afroxa, estocóuse en que se lle non daban tres, tiñan que chimparse d'ali. E con moita estremonia convencéunos; ou deixáronse convencer.

O dono do cachinete-refregaba as mans todo ledo pol-o negocio feito, en tanto que o acompañante chiscáballe un ollo á rapaciña.

Un can famento que se estalicaba ô sol, abréu os ollos, metéu a cabeza antr'as pernas e durméuse.

Rematouse a misa cantada e catro escorreitos mozos levan a santa en procesión, garnida de fiuncho, espadañas e caraveles, seguidos d'unha mulleriña que, de xionllos, cumpre a promesa feita unha noite que o mar se alporizou e o home non chegaba cóa gamela; as campás parés que tocan unha muñeira e na ermida o sagristán pon o santo e recolle as esmolas.

No turreiro bailan mozos e mozas a pirmeira xeira, e os vellos, debruzados na parede do adro, erguen os ollos pra ver rubil-os foguetes que os rapaces agardan antr'o millo.



Os romeiros espállanse pol-o souto sóbor da mol e verdecente herba, sacando das compangueiras tortelas de chourizos e xamón cocido, que van poñendo enriba dos brancos panos de liño. I-eisi rosquillas e molete fresco.

Os que venden viño, non dan a'basto a tanta xente que, con verbas de gabanza quere conquistar a vontade do taberneiro; as pirmeiras moxenas do lume que alcendéu outro, din á xente que logo se pode tomar café; os da sorte do paxariño poñen enriba d'un caixón a gaiola, e no cume do circo, que loce unha bandeira, un home trafega pra escomenzar a función.

Homes e mulleres coas facianas pintadas, cabalos, monos e o burro sabio, agardan o toque de cornetín, en tanto que n-un curruncho, a lene rapariga, viste os menecreques, reñéndolles a uns e agarimando a outros.

Unha teupa bula na terra; un gato esperguízase cravando as uñas no traxe do demo.

\* \* \*

Tres días de festa. Nas casas e congostras non se fala máis que das estolidezs dos tontos, dos menecreques que fan rir a cachón cando se esnafran a cachola a estadullazos, e do cabaliño branco, meiguizo dos nenos, que baila enriba das patas traseiras ô compás da charanga.

E no circo, silandeiramente, traballan sin acougo pra que cando alborexe non haxa rastros d'iles. Teñen que fuxir sin agardar o derradeiro día de festa, xa que os cartos non abundan pra pagal-o axustado.

Embargantes, son espiados por quen a rapaza despertou unha pasión, e ó pouco tempo chegou a parella de civís con don Matías, reclamando os cartos que se lle adeudaban.

Nin as verbas sereas dos homens nin os sentidos pregos das mulleres fixeron mágoa no seu corazón. Había que pagar e pagaron: o cabaliño branco quedou en prenda. Cando se alonxan co'él, un neno, que choraba bágoas de carraxe, erguéu o puño e berróulle: —Inda queira a Virxe do Corpiño que cando teña que montalo, o guinde no chan e teñan que levalo n-un cañizo.

O moniño que adoitaba durmir no lombo do cabalo bailarín, traba na cadea dando laios tristesiros, e o cabalo que amarrado n-un vincallo está á veira, come de presa.

\*\*\*

Camiño da Gandra, onde ten que medir terras en partixa, vai o péreto todo orguloso n-aquil xoguete que tan acompasadamente manea as patas, e pra que o vexan, torce por San Fís, que está de festa. Inda non chegara ás primeiras casas cando un cornetín ceibou as agudas notas d'unha mazurka e, de súpeto, o cabalo, erguendo as patas dianteiras, púxose á beilar ó seu compás, guindándoo no chan no meio de maldicións.



Moi cedo chegou o outro día un home á súa casa preguntándolle por qué non fora faguel-a medición.


—Ir, fun, meu santo, pro medín unha corredeira có lombo e non me deixou seguir hastr'a túa casa. Terás que agardar un mes ou chamar a outro, pois eu non poido.

\*\*\*

O moniño do circo corre pol-o aro do lombo do cabaliño branco e faille festas nas orellas, e un menecreque, pendurado do pesebre, bótalle a língoa de fora.

MANUEL ROEL

(Deb. de Ovidio.)



## Pregón de Betanzos de los Caballeros

### Admirarte y callar.

Sobre el castro de Unta, el mar vecino;  
la muralla que fué desafiadora  
de enemigo feroz, cubierta ahora  
por la parra que da sombra al camino.

En la Historia afincado su destino,  
ciudad de otras ciudades fundadora,  
del moro y del francés debeladora  
y fama del reinado brigantino.

Blasón de secular infanzonía,  
de la leyenda heroica baluarte,  
estirpe de fecunda artesanía...

Admirarte y callar fuera discreto

son pocas nueve musas a cantarte  
en los catorce versos del soneto.

MANUEL BARBEITO, HERRERA

MANUEL ROJA



FERNANDO ÁLVAREZ DE SOTOMAYOR. — "Balançeira".